

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PORTUGUÊS

2021-2022

ÍNDICE

Composición do departamento.....	4
Introdución.....	4

Contextualización.....	8
Obxectivos	
<i>ESO</i>	9
<i>BACHARELATO</i>	10
Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	12
1º ESO	14
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	22
2º ESO	24
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	32
3º de ESO	34
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	44
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	59
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	72
2º BACHARELATO	75
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ...	88
Tipos de textos orais e escritos, cuxa complexidade deberá ser a apropiada ao nivel do alumnado:.....	93
Tipos de actividades:.....	95
Recursos didácticos:.....	95
Procedemento para a avaliación inicial	120
Procedemento de avaliación continua	120
Procedemento de avaliación extraordinaria	121
Instrumentos de avaliación	121
Criterios de cualificación	122
Mínimos esixíbeis para unha avaliación positiva	123
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente	131
Indicadores para avaliar a programación didáctica	132

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS

Xefa de departamento:

M^a Concepción Álvarez Fernández

Profesora de apoio:

Carla Susana dos Santos Ribeiro

GRUPOS

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

1º ESO (2 grupos)

2º ESO (1 grupo)

3º ESO (1 grupo)

INTRODUCCIÓN

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal

dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de

ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento

doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa. Isto non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles:

- Comprensión de textos orais
- Produción de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción de textos escritos
- Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

CONTEXTUALIZACIÓN

Os obxectivos e contidos oficiais publicados nos textos legais indicados antes son comúns para todos os idiomas, salvo nos contidos fonético, ortográfico e gramatical. Non é difícil entender que o ensino e a didáctica do portugués non pode ter os mesmos contidos e obxectivos que outros idiomas como o inglés, francés, por citar aqueles con que partillamos docencia, e, aínda máis, en Galiza, que reúne unhas características especiais e peculiares que o afastan das características do ensino e didáctica do portugués en calquera outra parte do Estado, por razóns de sobra coñecidas. Efectivamente, un alumno da Galiza sen coñecementos previos de portugués é capaz de ler un texto publicitario, un texto xornalístico, un documento oficial ou bancario, etc., etc., en idioma portugués xa no primeiro curso e nos primeiros días de clase. E non só é capaz de os ler senón de os comprender. Por outra parte, este mesmo alumno ten un volume léxico pasivo de dimensións considerábeis -en portugués- se o compararmos con outro alumno do mesmo nivel doutro idioma que non sexa o galego ou mesmo de portugués de fóra de Galiza. Isto é debido, evidentemente, ao idioma propio desta comunidade: o galego. Dito doutra forma: calquera aprendiz galego que curse por primeira vez portugués está xa instalado per se, no comezo das aulas, nun nivel A2, segundo se define no Cadro Europeo Común de

Referencia para as Linguas (no sucesivo QEER). O coñecemento máis ou menos profundo ou superficial, activo ou pasivo, deste idioma favorece grandemente a introdución no portugués e o estudo e comprensión deste idioma. É unha vantaxe considerábel. Mais non por iso podemos crer que non hai desvantaxes: hainas e importantes na fonética (p.ex., tendencia a pronunciar á galega polo mínimo esforzo) na morfoloxía (p.ex., confusións de terminacións verbais por diferenzas de pormenor) na sintaxe (rexencias nominais e verbais, etc.) e no léxico (falsos amigos, non verificación no dicionario ao codificar, etc.).

Aínda así, estas desvantaxes ou inconvenientes teñen moito menos forza e peso que as grandes vantaxes que supón o coñecemento do galego para dominar o portugués, pois esencialmente son o mesmo sistema lingüístico e medio camiño xa fica andado. Trátase, pois, de aprender unha nova norma dentro dun sistema lingüístico que xa debería ser coñecido polo alumnado galego. Unha nova norma que sería a norma portuguesa, ou mesmo dúas normas: a portuguesa e a brasileira. A norma brasileira comentarase ocasional e puntualmente, en contraste coa norma do portugués padrón europeo.

Por outra parte, ás veces, co problema da falta de continuidade na oferta desta materia ao alumnado. A alumnos que estudaron Portugués durante 3 ou 4 anos lectivos impídeselles continuar co estudo desta disciplina por non acadar o número mínimo de alumnos. Isto nunca ocorre en francés ou inglés. É certo que nestas linguas, neste centro, sempre hai alumnado suficiente para formar grupo. Pero tamén é certo que o portugués aínda non tivo tempo de ter a mesma traxectoria no ensino. Un alumno que estuda francés neste centro como segunda lingua estranxeira, ten garantido, se así o decide, poder cursalo desde 1º ESO até 2º BAC. Un alumno de portugués non ten ningunha garantía.

Hai que ter en conta ademais, que o IES O COUTO recibe alumnos do CEIP Manuel Luis Acuña e algún de Mariñamansa, centros que imparten portugués desde infantil. Polo tanto temos nun mesmo grupo de alunos diferentes niveis de aprendizaxe.

Así pois, a nosa programación ten un carácter esencialmente orientativo, parte de supostos flexíbeis para facilitar a súa adaptabilidade á heteroxeneidade que referimos; admite diversos enfoques e variadas formas de aplicación, recortes e aumentos. Pode, por tanto, servir de punto de partida para a negociación entre profesorado e alumnado. Téñase en conta que non se trata de agotar exhaustivamente os temas; o profesorado deberá centrar o seu discurso só nos aspectos fundamentais de cada un deles e terá que lle dar moito máis peso (dedicándolle moito máis tempo) á práctica do que á teoría.

OBXECTIVOS DA ESO

A **educación secundaria obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as

persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. INDICADORES E DESCRITORES

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e en tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

A programación de **Segunda lingua estranxeira, Portugués** elaborouse segundo uns criterios integradores que incorporan os mecanismos axeitados para alcanzar un desenvolvemento adecuado do conxunto das competencias. Está claro que, dada a natureza da materia, algunhas delas están incluídas de xeito moito máis explícito que outras. Con todo, debido ao carácter que posúe a materia, tamén permite un tratamento daquelas que non están tan relacionadas coa mesma, como pode ser a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; co traballo en grupo, coa procura e selección de información ou coa achega de solucións a problemas ou situacións reais.

Competencia lingüística

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das habilidades comunicativas (orais e escritas), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras áreas e que son adquiridos noutras materias do currículo (Lingua castelá e Literatura e Primeira Lingua Estranxeira, principalmente, por ter códigos comúns).

Competencia en aprender a aprender

Esta competencia mostra como uns determinados contidos que deben mellorar a capacidade comunicativa serven para adquirir novos coñecementos de diferentes áreas, non en van no código lingüístico está a base do pensamento e do coñecemento (a representación da realidade), e para reflexionar sobre a propia aprendizaxe (e fixar estratexias que a fagan máis eficaz, o que incide tamén na competencia de autonomía e iniciativa persoal). Esta competencia é fundamental nun mundo cunha constante evolución nos coñecementos, para cuxa adquisición haberá de ter actitudes coma o esforzo, a responsabilidade, a autonomía, a autocrítica, etcétera.

Competencia social e cívica

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva a competencia social e cidadá, en canto que lle permitirá poñer en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito do seu contacto con outras realidades diferentes da propia (a portuguesa neste caso), non en van a comunicación é un acto eminentemente social mediante o que transmitimos pensamentos, emocións... Aínda que unha das finalidades esenciais desta materia é que o alumno aprenda a lingua portuguesa, tamén o é que coñeza e comprenda a cultura, as institucións, a forma de vida da lusofonía, etc., o que converte a lingua nun sistema de comunicación e de coñecemento que lle permite adquirir unha visión plural doutras realidades.

En toda actividade humana que requira a interrelación con outras persoas necesariamente han de traballarse as **competencias sociais e cívicas**. O feito educativo nun centro escolar desenvólveas de forma natural. No entanto, existen certas actividades que colaboran dun xeito máis explícito á súa adquisición, como son todas aquelas que involucren un traballo colaborativo

Ambas son traballadas na materia de forma cotiá. No ámbito das novas tecnoloxías é relativamente sinxelo identificar situación que poidan ser simplificadas grazas ao emprego selectivo de ferramentas informáticas. É este feito o que proporciona un medio para traballar a **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor** de maneira que a creatividade dos alumnos propicie un sistema de mellora das condicións nas que se desenvolven as súas vidas cotiás.

Competencia dixital

O coñecemento da lingua portuguesa amplía a posibilidade, grazas ao emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, de obter información nesta lingua e sobre esta lingua. Ademais, estas mesmas tecnoloxías facilitan a comunicación interpersoal, en tempo real, con mozos portugueses, o que redundará positivamente no coñecemento e emprego da mesma lingua (competencia en comunicación lingüística).

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumno ás manifestacións culturais dos países de lingua portuguesa e ás creacións artísticas, literarias, etc., de autores lusófonos. A creatividade desenvolve o sentido polo valor que teñen as diferentes expresións culturais, no abano que vai desde as convencionais até aquelas que incorporan recursos novos relacionados coas TIC, que até hai uns anos resultaban impensables. Desde esta perspectiva é desde onde se busca a incorporación da competencia de conciencia e expresións culturais.

LEENDA COMPETENCIAS

- CCL** Comunicación lingüística
- CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
- CD** Competencia dixital
- CAA** Competencia aprender a aprender
- CSC** Competencias sociais e cívicas
- CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC** Conciencia e expresións culturais

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola súa necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

No caso de algún dos bloques ficar sen impartir, de forma xustificada, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

1º ESO

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras clave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ▪ B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. ▪ B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativos ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. ▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula. ▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. ▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. – Petición de axuda. – Paralingüísticos: 	<ul style="list-style-type: none"> interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. ▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. ▪ B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. 	<ul style="list-style-type: none"> estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ▪ SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. ▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. ▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. ▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo. ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas. 			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia. ▪ B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.			
	Bloque 4. Produción de textos escritos			
	<p>+ <i>Adv.</i>; <i>haver-de</i>)...</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (<i>estar a + Inf.</i>, <i>presente</i>, <i>pretérito imperfecto e pretérito perfecto composto do indicativo</i>; <i>continuar + Ger.</i>); habitual (<i>tempos simples (+ Adv.)</i>, p. ex. <i>No verão está calor</i>). ▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (<i>poder + Inf.</i>; <i>ser possível/permitido + Inf.</i>), intención (<i>pensar + Inf.</i>; <i>querer de /ter de + Inf.</i>, pretérito imperfecto <i>gostar de + Inf.</i>), capacidade (<i>é capaz de + Inf.</i>; <i>saber</i>); posibilidade/probabilidade (<i>poder</i>; <i>dever</i>; <i>ser possível / impossível + Inf.</i>; <i>talvez</i>); obrigación (imperativo). ▪ Expresión da existencia (p. ex., <i>ser</i>, <i>estar</i>, <i>haver/ter</i>); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade (<i>-íssimo</i>, <i>-lmo</i>; <i>muito raro</i>; <i>melhor</i>). ▪ Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. <i>todo</i>, <i>maioria</i>, <i>ambos</i>, <i>nenhum</i>...) ou relativa (p. ex. <i>muito</i>; <i>tão</i>; <i>um pouco</i>). ▪ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia; movemento, dirección, orixe e acomodación). ▪ Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., <i>são quinze para as três</i>; <i>em 1999</i>), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., <i>atrás</i>, <i>cedo</i>, <i>tarde</i>) de tempo; duración (p. ex., <i>de/desde...a</i>; <i>durante</i>); anterioridade (<i>ainda</i>; <i>ontem</i>); posterioridade (<i>depois</i>, <i>logo</i>, <i>próxima segunda-feira</i>); secuencia (<i>primeiro</i>, <i>depois</i>, <i>finalmente</i>); simultaneidade (<i>ao mesmo tempo</i>); frecuencia (p. ex., <i>geralmente</i>; <i>usualmente</i>). – Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., 			

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	devagar, pior).			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grpo	Cad. Clise	Rúb.	Obs aula
Bloque 1. Comprensión de textos orais										
1,2	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita 	100%	25%	X			X			X
1,3	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. 	100%	25%	X			X			X
5	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. 	75%	25%		X	X				X
1,2, 3,	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. 	75%	25%		X	X				X
Bloque 2. Producción de textos orais										
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	100%	20%		X	X				X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do 	75%	20%		X		X			X

	tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.									
2,4,5	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. 	75%	20%	X	X	X				X
2,	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. 	75%	20%		X		X			X
4,5	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 	100%	20%		X	X				X

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grupo	Cad. Clase	Rúb.	Obs aula
Bloque 3. Comprensión de textos escritos										
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. 	75%	25%	X		X				X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. 	100%	25%	X		X				X
4	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. 	100%	25%	X	X	X	X			X
3	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. 	90%	25%	X	X		X			X
Bloque 4. Producción de textos escritos										
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	100%	30%	X		X		X		X
1,4	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.). 	100%	20%	X		X		X		X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. 	80%	20%	X			X	X		X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. 	100%	30%	X		X		X		X

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Identifica sons e graffias de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	75%	25%		X	X				X
1	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. 	90%	25%	X	X		X	X		X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	70%	15%		X		X			X
1,4	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	75%	20%		X		X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente. 	70%	15%		X		X	X		X

3º de ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
<ul style="list-style-type: none"> a c d i 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto. B1.2. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.) - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<p>nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves. ▪ B1.4. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiás que se desenvolvan na súa presenza, nas que se describan, de xeito moi breve e sinxelo, persoas, lugares e obxectos, e se narren acontecementos elementais, sempre que poida solicitar que se repita o dito. ▪ B1.6. Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística. ▪ B1.7. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou 	<p>que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. ▪ SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. ▪ SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<p>descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.</p>	<p>algo do que se lle dixo.</p> <p>▪ SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD</p>
	<p>Bloque 2. Producción de textos orais</p>			
<p>▪ a ▪ c ▪ d ▪ i</p>	<p>▪ B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos 	<p>▪ B2.1. Pronunciar de maneira intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.</p> <p>▪ B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi elementais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>▪ B2.4. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.</p> <p>▪ B2.5. Dar información sobre datos básicos persoais, expectativas ou gustos, utilizando un repertorio moi básico de expresións memorizadas sinxelas e habituais sobre estes datos, sempre</p>	<p>▪ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>▪ SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>▪ SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.</p>	<p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CD</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE</p> <p>▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSIEE</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>disponíbeis.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, e paralingüísticos. - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou reformulación dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: saúdos e despedidas, felicitacións, invitacións, expresións da dor, conversa telefónica, compravenda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>que poida pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora ou que se lle repita o dito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>títulos de cabeceira, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<p>información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. ▪ B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade. ▪ B3.4. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. 	<p>parte da mensaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente). ▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. ▪ SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán). ▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 4. Produción de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>se quere dicir, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "éme igual", "sóame", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata. ▪ B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. 	<p>ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova). ▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> - B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos máis básicos. - Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. - B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. - B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha 	<ul style="list-style-type: none"> - B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender. - B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar. - B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos. - B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. - B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. - B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados na clase previamente 	<ul style="list-style-type: none"> - SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. - SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. - SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significado tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. - SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. - SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> - CCL - CAA - CSC - CCEC - CCL - CAA - CSC - CCEC - CD - CCL - CAA - CSC - CCEC - CCL - CAA - CSC - CCEC - CCL - CAA - CSC - CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>cultura diferente á propia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. - B5.5. Funcións comunicativas: - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. - B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: - Identificación persoal elemental; vivenda, fogar 			

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo. - B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas : - Expresión de relacións lóxicas: adición (<i>e, nem, e também, e também não</i>); disxunción (<i>ou, ou...ou</i>); oposición/contraste (<i>mas, mesmo assim</i>); causa (<i>porque; por isso; como</i>); finalidade (<i>para + Inf.</i>); comparación (<i>mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...</i>; superlativo absoluto (<i>-íssimo, -lmo</i>); resultado (<i>assim, por isso</i>); condición (<i>se, sem</i>); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes). - Relacións temporais (<i>antes, agora, depois; em seguida, logo; enquanto</i>). - Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; proforma: p. ex. <i>eu também; certamente</i>). - Exclamación (formas elípticas: <i>Que (+ Subst.) + Adj.</i>, p. ex. <i>Que dia lindo!; Que gentil!</i>); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. <i>Puxa, este PC está muito caro! Está bom!</i>). - Negación (sentenzas declarativas negativas con <i>não, nunca; nada, nenhum(a), ninguém</i>; proforma, p. ex., <i>eu também não, eu tampouco</i>). 			

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> - Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., <i>Quem fez o quê? Para que é isso?</i>); interrogativas tags (p. ex., <i>Queres ir ao cinema, não queres?</i>); interrogativas eco e duplas). - Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfecto, perfeito simples e perfeito composto); presente (presente); futuro (presente do indicativo + Adv.; futuro simples; haver-de)... - Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (estar a + Inf., presente, pretérito imperfecto e pretérito perfeito composto do indicativo; futuro simples; continuar + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.), p. ex. <i>No verão está calor</i>); incoativo (<i>começar a + Inf.</i>); iterativo (<i>pretérito imperfecto do indicativo; prefixo re-</i>, p. ex. <i>reler</i>); terminativo (pretérito perfeito simple simples e composto; acabar de + Inf.). - Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfecto gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); possibilidade/probabilidade (<i>poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez</i>); obrigación (imperativo; <i>ter que /de, dever</i>); prohibición (imperativo negativo); necesidade (ser preciso / necessário + Inf.). - Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade e o grao (-íssimo, -ílimo; muito raro; melhor). - Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. <i>todo(a), maioria, ambos(as), nenhum(a)...</i>) ou relativa (p. ex. <i>muito; tão; um pouco</i>); 			

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>definida (multiplicativos e partitivos).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, dirección, orixe e acomodación). - Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (ainda; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segunda-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., geralmente; usualmente). <p>Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior).</p>			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grpo	Cad. Clise	Rúb.	Obs aula
Bloque 1. Comprensión de textos orais										
1-6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	80%	15%		X	X	X			X

2, 3	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 	100%	20%		X	X				X
2,5, 6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación. 	100%	20%	X	X		X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. 	80%	15%		X	X				X
1,3, 6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 	80%	20%		X	X	X			X
2,4, 6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe. 	100%	20%	X		X		X		X

Bloque 2. Producción de textos orais

1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente. 	100%	20%		X	X				X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito. 	100%	30%		X	X	X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico. 	80%	20%		X	X	X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. 	90%	30%		X	X				X

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grupo	Cad. Clase	Rúb.	Obs aula

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

1-6	▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	90%	20%	X	X	X				X
1-6	▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).	100%	20%	X		X		X		X
1-6	▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	90%	20%	X		X		X		X
1-6	▪ SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).	100%	20%	X		X				X
1-6	▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	80%	20%	X		X	X			X

Bloque 4. Producción de textos escritos

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos. ▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. ▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito. ▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. ▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.	<p>opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.</p> <p>▪ SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2. Produción de textos orais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: <ul style="list-style-type: none"> – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas. ▪ B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender. ▪ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>asimilados e memorizados.</p> <ul style="list-style-type: none"> - expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou reformulación dun termo ou expresión. - Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. 	<p>abstractos, como películas, música, libros, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación habitual e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa. ▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación. ▪ B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. ▪ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. ▪ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción 			

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	segundo o tipo de situación de comunicación.			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas. ▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo. ▪ B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas. ▪ B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo. ▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.	<p>as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. ▪ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro). ▪ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC ▪ CAA
	Bloque 4. Producción de textos escritos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). - Revisión: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) - Reescritura definitiva. ▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da 	<ul style="list-style-type: none"> producir. ▪ B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. ▪ B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate. ▪ B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada. ▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. ▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa. ▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais. ▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto. ▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCSC ▪ CD

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>carta, despedida e sinatura.</p> <ul style="list-style-type: none"> B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.). 			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
<ul style="list-style-type: none"> a b c f p 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: <ul style="list-style-type: none"> Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortésia propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet. B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional), e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e 	<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa padróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCSC CCEC

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes).</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. – Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restructuración da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.). ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi 	<p>expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. ▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. ▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála con exemplos ou resumíla. ▪ B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCSC ▪ CAA

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. - Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. - Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados: <ul style="list-style-type: none"> - Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese. - Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais. ▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. <p>¹Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: adición (<i>não só...como também; não só... também; além disso; nem sequer</i>); disxunción (<i>ou, ou...ou</i>); 			

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>oposición/concesión (<i>mas, mesmo assim, embora</i>; porém, no entanto; apesar de); causa (<i>por causa disso</i>; por causa de; <i>daí que</i>; debido a; por consecuencia); finalidade (<i>para + Inf.</i>; <i>para que</i>, a fim de que); comparación (<i>mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto</i>, como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (<i>assim, portanto</i>); resultado/correlação (tão...que, tanto...que).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión superlativo relativo (p. ex., <i>o rapaz mais distraído da turma</i>); superlativo absoluto (p. ex. -errimo); ▪ Expresión da condición (conectores: <i>se, sem, desde que...</i>; formas verbais: <i>futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto</i>). ▪ Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto livre. ▪ Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituintes). ▪ Negación (sentenzas declarativas negativas con <i>nem; não/nem... sequer; coisa nenhuma; apenas</i>). ▪ Exclamación (formas elípticas: <i>Que + Subst. + (tão) + Adj.</i>, p. ex. <i>Que dia tão lindo!</i>); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. <i>Ei, esta é a minha bicicleta!</i>; <i>Magnífica bolsa!</i>). Exclamación con inversión, p. ex. <i>Un amor, essa criança!</i>; sentenzas e sintagmas exclamativos, p.ex. <i>Puxa, está muito frio!</i>; <i>oxalá sejam felizes!</i>). ▪ Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., <i>De quem é a culpa?</i>); interrogativas <i>tag</i> (p. ex., <i>Isto é fácil, não é?</i>); interrogativas eco e duplas). interrogativas enfáticas (p. ex. <i>Onde é que vive?</i>). ▪ Relacións temporais (<i>assim que, até que, apenas, mal + Conjuntivo</i>). ▪ Expresión do tempo: pasado (<i>pretérito imperfeito</i>, 			

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p><i>perfeito simple e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto</i>; presente (<i>presente, gerúndio</i>); futuro (<i>futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de</i>). Valores especiais: pasado (presente histórico, pretérito imperfecto, perfeito simple e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito simple e composto); futuro (futuro imperfecto (+Adv.), futuro perfeito do indicativo e condicional).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro imperfecto e pretérito imperfecto do indicativo (+ Adv.); <i>andar a + Inf.; ir + Ger., ir / vir a + Inf.</i>; sufixos de duración, p. ex. – ear, –ecer); habitual (tempos simples (+ Adv costumar+ Inf.); incoativo (<i>desatar a + Inf.</i>); iterativo (<i>pretérito imperfecto do indicativo; voltar a + Inf.</i>); terminativo (presente histórico, pretérito perfeito simple e composto, pretérito mais-que-perfeito composto e futuro perfeito do indicativo; <i>vir de + Inf.; chegar a + Inf.</i>). ▪ Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (<i>é capaz / incapaz de + Inf.; saber, poder com; conseguir + Inf.</i>); posibilidade/ probabilidade (<i>ser possível / impossível + Inf.; tal vez; pode ser que + Conjuntivo., futuro imperfecto e perfeito</i>); necesidade (<i>ser preciso / necessário + Inf. Pessoal (+ que + Conjuntivo.), precisar de + Inf.</i>); obrigación (<i>ser obrigatório + Inf.; imperativo; ser obrigatório que + Conjuntivo</i>); permiso (<i>poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.</i>); prohibición: (não) <i>ser possível / permitido + Inf., ser proibido que</i>); intención (<i>pretérito imperfecto gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.; querer que + Conjuntivo.; ir / haver de + Inf.</i>) ▪ Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se faltar, acontecer); a entidade (<i>substantivos contables /incontables/colectivos/compostos</i>; pronomes (<i>relativos, reflexivos átonos/ tónicos</i>); determinantes; a calidade (<i>por exemplo, bastante</i> 			

Segunda Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p><i>bom; consideravelmente caro; ótimo; azulado; útil para a dificultade em dormir).</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. <i>bastante, a maior parte de, mais ou menos</i>; ao menos 20 persoas; perto de 30 km., duas veces no máximo; um monte de gente. Grao: p. ex. <i>consideravelmente; bastante bem; totalmente; tão de repente</i>). ▪ Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección). ▪ Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., <i>meio-dia, daqui a uma semana, daqui a nada</i>), divisións (p. ex., <i>período, fim de semana, prazo, estação seca</i>) e indicacións de tempo (p. ex., <i>atrás, cedo, a 13 dias do evento</i>); duración (p. ex., <i>até, entre... e; por todo o dia; no período natalício</i>); anterioridade (<i>anteontem, já, a última vez que, há bocado, fazia pouco</i>); posterioridade (<i>mais tarde, na semana que vem, dentro de alguns dias, de hoje em diante, em breve</i>); secuencia (<i>em primeiro lugar, depois, em último lugar, para começar, seguidamente, em conclusão</i>); simultaneidade (<i>naquele momento, no mesmo tempo que, atualmente</i>); frecuencia (p. ex., <i>cada semana, uma vez por dia, regularmente</i>). ▪ Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas e modo, p. ex. em excesso, ao gosto). 			

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grpo	Cad. Cise	Rúb.	Obs aula
Bloque 1. Comprensión de textos orais										
	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándose ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. 	75%	15%	X	X	X				X
	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. 	100%	20%		X	X				X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 	75%	15%		X	X	X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 	100%	20%		X	X	X			X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito. 	80%	15%		X	X	X			X
2-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión. 	80%	15%		X	X	X			X
Bloque 2. Producción de textos orais										
2-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender. 	75%	20%		X	X				X

2-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. 	100%	20%		X		X			X
2-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. 	75%	20%		X	X				X
2-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. 	80%	20%		X	X	X			X
	<ul style="list-style-type: none"> SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 	80%	20%		X	X	X			X

UD	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						
				Proba escrita	Proba oral	Trab. Ind.	Trab. Grupo	Cad. Clase	Rúb.	Obs aula
Bloque 3. Comprensión de textos escritos										
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles. 	100%	20%	X		X	X	X		X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.). 	75%	15%	X		X				X
1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural). 	75%	10%	X			X			X

1-6	<ul style="list-style-type: none"> SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven. 	80%	10%	X	X	X		X		X
2ª/3ª	5	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Experiencias persoais. Memorias e proxectos</p> <p>Relación entre accións e momentos do pasado Hábitos do pasado Momentos do pasado Roteiros de vacacións Léxico relacionado con vacacións (pasadas ou futuras) Léxico referente a momentos de vida especiais e planos futuros</p> <p>Relatar feitos, actividades ou acontecementos vividos Comparar hábitos do pasado con hábitos do presente Saudar adecuadamente cando se escribe Utilizar servizos postais Redixir textos sobre acontecementos ou experiencias persoais pasadas (cartas, postais, biografías...) Facer planos para un futuro próximo</p> <p>Pretérito imperfecto do Indicativo dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.) Futuro próximo co verbo “ir” e Futuro simple dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.) . Futuro do subxuntivo (l) “acabar de” + infinitivo</p> <p>Comparación de hábitos e experiencias pasadas no propio país con hábitos e vivencias en Portugal ou en outros países</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
3ª	6	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Saúde</p> <p>O corpo humano Vocabulario relacionado coa saúde e coidados médicos: doenzas, síntomas, exames de diagnóstico, tipos de medicamentos e outros tratamentos Vocabulario científico relacionado co corpo humano e coa saúde</p> <p>Marcar unha consulta Describir síntomas</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

			<p>Facer preguntas e seguir instrucións sobre diagnóstico e tratamento</p> <p>Expresar desexos</p> <p>Debater asuntos relacionadas coa saúde (por exemplo, envellecemento, hixiene, beleza, obesidade, etc.)</p> <p>Escribir sobre temas relacionados co corpo humano e a saúde</p> <p>Verbos opinativos (“achar”, “julgar”, etc.)</p> <p>Pretérito perfecto e antepretérito compostos do indicativo dos verbos regulares das 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares máis frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Participios regulares</p> <p>Verbos modais</p> <p>Comparación entre estilos de vida (hábitos alimentares e de saúde, actividade física, etc.) portugueses e galegos</p> <p>Comparación entre os coidados de saúde en Portugal e na Galiza (centros de saúde, hospitais, clínicas, etc.)</p>			
3ª	7	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Mundo do traballo</p> <p>Profesións</p> <p>Vocabulario relativo a profesións máis comúns</p> <p>Anuncios de emprego</p> <p>Vocabulario para descrición de condicións de traballo</p> <p>Vocabulario relevante para áreas temáticas relacionadas co mundo do traballo</p> <p>Pedir/dar informacións sobre diferentes profesións</p> <p>Describir ambicións profesionais</p> <p>Comparar información de anuncios para emprego</p> <p>Redixir un currículo</p> <p>Escribir unha carta formal de resposta a un anuncio de emprego</p> <p>Interaxir nunha entrevista de emprego</p> <p>Expresar e xustificar opinións e debater sobre temas relacionados co mundo do traballo (como, por exemplo, emigración/inmigración e desemprego)</p> <p>Subordinación: conxuncións e locucións finais, condicionais e concesivas</p> <p>Presente e pretérito do subxuntivo dos verbos regulares das 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares máis frecuentes (e.g. “ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Futuro do subxuntivo (II)</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	8	x

			Subordinadas comparativas Profesións tradicionais portuguesas e galegas Horarios e hábitos de traballo Festivos e vacacións Expresións idiomáticas Proverbios Falsos amigos Decalques			
--	--	--	--	--	--	--

AVALIACIÓN- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso continuo cunha orientación formativa. Partiremos dunha exposición inicial para situar alumnos e alumnas na secuencia de aprendizaxe adecuada ao seu nivel; analizaremos as causas das dificultades de aprendizaxe e reorientaremos o proceso de ensino-aprendizaxe para superar as deficiencias detectadas.

Nesta área terán prioridade, á hora de avaliar, os procedementos e destrezas adquiridas así como as actitudes cara ao emprego da lingua portuguesa. Ademais das probas obxectivas de carácter individual, serán instrumentos de avaliación as actividades habituais do alumnado, a observación sistemática mediante fichas de seguimento e rexistro de datos, a produción de textos escritos, manexo de fichas, adquisición de información a través das novas tecnoloxías..., ben individual ou colectivamente. Valorarase positivamente o hábito da lectura e o interese pola cultura portuguesa. A avaliación tamén servirá para detectar e paliar as interferencias lingüísticas.

Procedemento para a avaliación inicial

Realización de probas escritas e orais ao comezo do curso para determinar os coñecementos e competencias dos alumnos, tanto dos que se achegan por primeira vez a esta materia, como os adquiridos en cursos anteriores.

O resultado será levado á avaliación inicial onde se proporán medidas para aquel alumnado que estea alonxado do nivel do curso, así como para aqueles que non respecten as normas de convivencia.

Procedemento de avaliación continua

- ✓ Ao longo de cada unidade didáctica a profesora valorará mediante notas de clase os aspectos relacionados coa actitude dos alumnos en clase e os seus hábitos de traballo, xa que as deficiencias en ambos os dous casos constitúen unha das causas principais das cualificacións negativas. Tomarase nota da realización das actividades previstas en cada unidade. (Exercicios, traballos, prácticas, etc.) Tamén se poderá facerse algunha proba escrita e/ou oral ou ben substituíla pola entrega e exposición oral de traballos prácticos relacionados cos contidos da unidade.

En cada avaliación realizarase, como mínimo, unha proba escrita e outra oral, de recapitulación dos contidos e obxectivos das unidades estudadas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada curso, aplicados ás diferentes destrezas: escribir, falar, ler e ouvir.

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola súa necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo

Fica claro, pois, que non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non só é cualificar. Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado a través de probas, tarefas e actividades ad hoc (con uso da lingua escrita e oral) ou tamén por meio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continua será aplicada constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións do alumnado nas aulas a profesora fará microavaliacións (expresións, ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumnado se autocorrixir... son actos de microavaliación informativa). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados, mais tamén en acto de avaliación continua será a anotación de resultados de expresión e interacción orais, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc.

Procedemento de avaliación extraordinaria

- ✓ Os alumnos que non superen a materia terán dereito a realizar un exame na convocatoria extraordinaria, de todo o temario, que versará sobre os contidos anteriormente expostos e incluírá unha proba de comprensión e expresión escrita e un cuestionario de gramática, ortografía e léxico.

Instrumentos de avaliación

Serán instrumentos de avaliación os que seguen:

- ✓ Unha ou varias probas escritas por avaliación para cada unha das destrezas (comprensión e expresión escrita, comprensión e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.
- ✓ Exercicios complementarios.
- ✓ Pequenas probas ou testes, tarefas e exercicios de aula.
- ✓ Interaccións orais durante a clase co profesor e cos compañeiros, real ou de simulación (comprar-vender, pedir...)
- ✓ Presentación de traballos escritos. Adecuación, organización, presentación...

- ✓ Atención, participación e traballo diario na aula
- ✓ Exposición oral e/ou escrita sobre os filmes ou documentais vistos nas aulas. Debates.
- ✓ Control do caderno de traballo (contido, caligrafía, presentación, ortografía, etc.)
- ✓ Vontade de aprender. Control da progresión e avances na adquisición das destrezas básicas (comprender textos orais e escritos e producir textos orais e escritos).
- ✓ Mediación, máxime cando os niveis do alumnado son diferentes.
- ✓ Comportamento. Respecto ao profesorado e compañeiros.

É importante considerar que en todos os bloques de contidos, se valorará a actitude do alumnado, interese, comportamento, respecto, puntualidade, o traballo na clase, deberes, material, etc.

Criterios de cualificación

Para a cualificación en cada avaliación:

- ✓ **80% da nota :**
 - A expresión e comprensión escrita representará un **40 % da nota**
 - A expresión e comprensión oral, **outro 40%**
- ✓ **20% da nota:**
 - **Traballos propostos, lecturas...**
 - **actividades de aula e actitude**
 - Proxectos, redaccións, exposicións e actividades requiridas ou propostas; realizadas puntualmente, limpas e axustadas ao tema que se propuxo. Probas puntuais menores, lecturas, preguntas en clase, etc. □
 - Traballo diario do alumnado en clase, incluída a súa participación activa e colaboración -se for o caso- nas actividades propostas. □
 - Atende ás explicacións e outras actividades (vídeos, cancións, noticiarios...)
 - Cumpre coas normas básicas de convivencia (pedir permiso para falar, respectar os turnos de palabra, traer e coidar o material escolar...)
 - Vontade de aprender: progresión e avances .□
 - Mediación entre compañeiras e compañeiros.
 - Puntualidade e respecto a todos os membros da comunidade educativa, ao material común e ao particular. □
 - Asistencia a clase co material necesario para traballar (apuntamentos, caderno, bolígrafo, etc). □
 - Limpeza, orde e puntualidade no seu traballo diario. □

Á hora de calcular a nota da avaliación, redondearase á alza baseándonos no apartado de

traballo de aula e actitude.

Sendo contínua a avaliación, non se realizarán, salvo ao final do curso para os bloques de comprensión e produción de textos escritos, probas específicas para a recuperación de exames ou avaliacións. Cada nova proba ou avaliación suporá unha actualización (recuperación) do anterior. Aquelas persoas que non superasen a 3ª avaliación, poderán optar a unha proba escrita final. Consideramos que a expresión e comprensión oral non son recuperábeis nun tempo tan breve como o que media entre as probas da terceira avaliación e a de recuperación; é por iso que non existirá un exame específico para as recuperar. A nota da proba escrita suprirá a das partes equivalentes da 3ª avaliación e, por tanto, computará como tal na nota media final, conforme se explica nos criterios de cualificación.

A utilización de métodos incorrectos nas probas escritas (emprego de documentos non autorizados para a súa "consulta" durante a realización da proba; entrega de documentos elaborados previamente á proba, engadidos ou en substitución dos oficiais; conversacións cos compañeiros, non autorizadas polo profesor, coa finalidade de mellorar irregularmente os exercicios; etc.) suporán anular a proba correspondente ao alumno que os use, e a cualificación de CERO na mesma, sen prexuízo da sanción que se considere oportuna.

Mínimos esixíbeis para unha avaliación positiva

Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación polo que no momento de avaliar terase en conta o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais. Trátase de aprender unhas estruturas e un vocabulario, dunha forma funcional, sobre diferentes aspectos da cultura, dos costumes, das tradicións da vida portuguesa e unha vez aprendidos poder aplicalos á cultura e tradicións do noso país.

Para a obtención dunha cualificación positiva esixírase ao alumno, por medio das probas de avaliación e das actividades previstas, a asimilación e apropiación dos contidos especificados e o cumprimento dos estándares correspondentes.

En cada avaliación:

Unha **cualificación mínima de cinco sobre un máximo de dez por avaliación**, despois de calcular a nota en función dos diferentes apartados avaliábeis vistos anteriormente.

Avaliación ordinaria de xuño:

A nota da avaliación final será similar, no xeral, -e non inferior- á da 3ª avaliación, podendo superala até nun punto, no caso de o alumnado manifestar unha clara tendencia de superación continuada ao longo do ano académico. **Será necesario ter unha cualificación de cinco sobre un máximo de dez como mínimo para aprobar.**

Avaliación extraordinaria:

Na **avaliación extraordinaria de setembro** a cualificación basearase exclusivamente nunha proba correspondente aos bloques de contidos de produción e comprensión escrita. **Será necesario ter como mínimo unha cualificación de cinco sobre un máximo de dez para aprobar.**

Materias pendentes de cursos anteriores

Ao alumnado que teña a materia de Portugués pendente de cursos anteriores facilitaráselle a realización de exercicios, actividades, proxectos... relacionados cos contidos da materia pendente.

- No caso de obter un resultado satisfactorio no traballo realizado, esa materia quedará aprobada.
- Tendo en conta que a materia en cuestión é unha lingua, o feito de ir superando o curso actual, implicará aprobar tamén a materia do curso anterior
- No caso de non aprobar a materia pendente mediante os procedementos anteriores, no mes de maio realizaráselle unha proba escrita de comprensión e expresión escrita e outra de comprensión e expresión oral.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Xeralmente, a atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumna ou alumno ache as condicións óptimas para desenvolver con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto, flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada, se se quere atender adecuadamente á diversidade do alumnado.

Esta diversidade queda reflectida nas diferenzas que presentan os alumnos canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto da materia.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.
- As súas actitudes con respecto ao centro.

O noso método ten en conta a singularidade de cada alumno, en tanto que como persoa e en proceso de formación permanente pode achegarlle ao grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase. Todo isto axúdanos: os alumnos en tanto que individualidades por separado progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, e dálle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- ✓ A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- ✓ As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradábel e produtiva para os alumnos.
- ✓ O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.

- ✓ A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polos alumnos con diferentes niveis.
- ✓ Todas estas actividades permítenlles aos alumnos tomar decisións e desenvolver a súa autonomía.
- ✓ O fomento da participación e a colaboración entre os alumnos con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes en o seu rendemento posterior. O profesor axudará a que os alumnos sexan conscientes disto.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Creemos de importancia capital ofrecer desde as nosas aulas os coñementos, procedementos e actitudes que fagan posíbel aa construción de criterios morais propios, derivados da razón e do diálogo.

Por outra parte, o ensino das linguas estranxeiras permite unha aproximación das culturas vehiculadas nesa lingua, no noso caso, amplas e diversas. O coñecemento de outras culturas e dos códigos de valores que posúen, o respecto polas mesmas e pola súa diversidade é un medio excepcional para conformar a propia personalidade.

Tal como se recolle nos obxectivos xerais do proxecto educativo do noso centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral do alumnado.

Así, desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá. Entre outros valores traballaranse os seguintes:

Educación para a paz e a convivencia

O coñecemento dunha realidade diferente

O concepto de paz co que imos traballar na clase non consiste soamente en lle inculcar ao alumnado o respecto cara aos seus compañeiros e profesores, senón que nos ocuparemos das diferentes realidades culturais que aparecen ao longo do método, permitíndolles aos alumnos aceptalas ademais de ter a posibilidade de facer amigos no mundo enteiro.

Coñecer diferentes formas de actuación dos adolescentes dos países lusófonos.

Valorar que o intercambio de ideas e o coñecemento dos demais axuda a comprender e implica que os diferentes problemas que poidan xurdir se arranxan co diálogo

Tratamos cos alumnos actividades que poden desenvolver no tempo libre das vacacións escolares, debemos chamar a súa atención sobre as actitudes das persoas non razoábeis que poden atopar nos diferentes lugares de vacacións.

Pódese realizar na clase un debate sobre este problema e a actitude de diálogo que se debe adoptar. Analizarase o porqué destas actitudes e como a tolerancia e o respecto de todos cara a todos poden conducir á súa erradicación.

Inculcarémolles aos alumnos o respecto e a tolerancia cara aos bens comúns que atopamos nas nosas cidades, os cales debemos respectar para que o resto dos nosos veciños tamén poidan gozar deles.

Recoñeceremos o valor da paz como o mellor medio de achegamento entre os pobos e as persoas. O coñecemento do outro, do seu contorno, faranos comprender o porqué das súas reaccións. Traballaremos cos alumnos para logramos o seu respecto e interese polas informacións culturais provenientes de Portugal e os países da lusofonía.

Educación moral e cívica

Saúdos e expresións de cortesía

Estes conceptos permitirannos traballar na aula a valoración e aceptación da diversidade actual nas aulas consensuando entre todos os compoñentes o traballo en grupo.

Igualmente, traballaremos o comportamento adecuado fronte ás actividades grupais, así como o consenso necesario para que as devanditas actividades sexan proveitosas para o conxunto erradicando calquera tipo de violencia.

Axudaremos a que os nosos alumnos teñan un comportamento adecuado nos traballos en grupo, axudando os compañeiros que teñan algunha dificultade en seguir o ritmo do grupo e igualmente vencer o medo a expresarse en público nunha lingua estranxeira.

Finalmente, todo o exposto anteriormente servirá para lles ensinar aos alumnos a que a realización de actividades en grupo xera a representación de diferentes situacións: propoñer, aceptar, rexeitar, valorar un traballo realizado, pedir e dar unha opinión.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos

Trataremos de que os alumnos reflexionen sobre o feito de que todos os seres humanos, independentemente do sexo, deben ter as mesmas oportunidades para conducir e realizar a súa vida.

Educación para o consumidor

Proporémolles aos alumnos a realización dunha pequena análise crítica da sociedade de consumo e das compras excesivas no Nadal.

Trataremos de facerlles comprender que o consumo desorbitado non conduce ao equilibrio nas súas vidas nin á felicidade.

Concienciaremos os alumnos sobre o custo das cousas que utilizamos na vida diaria, para que coñezan os gastos que implican as súas saídas durante o seu tempo de ocio.

Educación para a saúde

Falaremos cos alumnos das actividades que axudan a manterse san e en forma, e da importancia dunha alimentación sa e a práctica do deporte.

Educación viaria

Os alumnos atópanse fronte a un plano dunha cidade imaxinaria e coñecen os elementos discursivos necesarios para indicar o xeito de moverse nela. Evidentemente, todo isto pódese realizar a pé, pero existen elementos moi utilizados polos adolescentes, por exemplo, a bicicleta e a motocicleta.

Podemos, pois, incidir nas regras de circulación e o respecto cara a elas. Igualmente, trataremos de inculcarlles a cultura da seguridade co uso do casco nas súas distintas formas para bicicleta e motocicleta e o uso do cinto de seguridade se se trasladan en coche.

Educación ambiental

Reflexionaremos cos alumnos sobre a necesidade de protección do medio para evitar os problemas derivados do cambio climático.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se é posíbel organizaremos unha viaxe de estudos a algunha localidade portuguesa. Así mesmo, intentarase realizar un intercambio epistolar (por correo ordinario ou por e-mail) con alumnos portugueses, ou con alumnos doutros centros de Galicia que estean a estudar portugués, creación dun blog,... Tamén asistiremos durante o curso a representacións teatrais e proxeccións de filmes de fala portuguesa que habitualmente se fan nesta cidade tanto na Mitteu, no FITO, como no Festival de cine e en diversas asociacións culturais.

Celebraremos, como todos os anos, a Semana da Lusofonía, con actividades varias; a organización dunha xornada gastronómica, a Revolução dos cravos, o Día da Lingua Portuguesa, o Día de Portugal...

ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A propia natureza desta materia favorece e fomenta a lectura, pois o sistema docente comunicativo baséase en escoitar, ler, falar e escribir. Un obxectivo primordial no ensino de linguas é formar lectores e lectoras competentes, isto é, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, que escriban para expresar e comunicar. Traballaremos, pois, as destrezas escritas como un factor de consolidación e sistematización das actividades realizadas oralmente, utilizando as estratexias de lectura xa coñecidas por eles na aprendizaxe doutras linguas estranxeiras (inglés, por exemplo) ou outras, dependendo da lingua materna do alumno.

Así, empregaremos na aula os tres tipos principais de lectura, aplicábeis a todo tipo de documento escrito, sexa cal for o formato ou soporte:

- Lectura previa ou de aproximación global ao tema. Convén dar certas claves de lectura (estrutura do tema, preguntas ás que pretende responder o tema, interrelacións entre conceptos e contexto...).
- Lectura lenta e minuciosa para comprender as partes do texto . A intervención e colaboración do profesor é moi importante. É conveniente ler co alumnado e traballar os textos en clase por medio do subliñado, esquemas, resumos, mapas conceptuais...
- Lectura de síntese ou asimilación para elaborar de forma persoal e reter significativamente os conceptos e as súas relacións.

Traballaremos en:

- ✚ Lectura de diálogos.
- ✚ Lectura de frases e textos.
- ✚ Lectura de anuncios.
- ✚ Lectura de bandas deseñadas.
- ✚ Lectura de prensa e revistas.
- ✚ Lectura de pequenos libros, en soporte papel, dixital e multimedia.
- ✚ Lectura de fragmentos literarios humorísticos.

- ✚ Lectura de folletos turísticos.
- ✚ Lectura de contos.
- ✚ ...

En anexo, incluímos unha listaxe de posíbeis lecturas en diferentes formatos, acompañada de algúns recursos complementares para a lectura.

ACCÍONS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

O coñecemento da lingua portuguesa amplía a posibilidade, grazas ao emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, de obter información nesta lingua e sobre esta lingua. Ademais, estas mesmas tecnoloxías facilitan a comunicación interpersoal, en tempo real, con mozos portugueses, o que redundará positivamente no coñecemento e emprego da mesma lingua (competencia en comunicación lingüística).

Tratamento da información e competencia dixital: Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en portugués. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

As actividades van desde a procura de información de lugares turísticos, parques temáticos, biografía de algúns escritores, biografía, discografía e letras das cancións utilizadas na aula, a amizade a través da rede, contactando con outros estudantes,... até o visionado de documentais, contos, filmes en V.O. con subtítulos en portugués.

No noso departamento o esforzo por incorporar as novas tecnoloxías ás aulas é considerábel, com a utilización constante de computadores, Internet, listas de correo, blogs, etc. Porén, este esforzo non ten sido o sistemático que desexariamos, limitándose ao uso isolado para promover certas técnicas de autoaprendizaxe, e para a realización de actividades. No futuro, a nosa intención é chegar a abrir unha vía de comunicación constante co alumnado a través de TIC. Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou en tempo de lecer, son case omnipresentes. E a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial. As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras:

- Motivación (carácter novidoso e interactividade)
- Desenvolvemento comportamental
- Método e rigor
- Autonomía
- Interdisciplinabilidade

Mais especificamente, a Internet:

- Permite ao alumnado estar en contacto com a lingua auténtica.
- Fai entrar o mundo exterior na aula.

- Serve como punto de partida para múltiples actividades.

En anexo, incluímos unha listaxe dos sites que utilizaremos

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentaremos:

- ✓ Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- ✓ Detectar o antes posíbel conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- ✓ Establecer normas de funcionamento e organización na sala de aula e tamén en calquera outro espazo do centro.
- ✓ Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- ✓ Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos no centro.
- ✓ Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS

Os alumnos que se matriculen en Portugués sen ter cursado esta materia o ano anterior farán unha proba de nivel, de comprensión e expresión escrita e oral.

Ademais, desde o primeiro momento en que os alumnos se incorporen ao grupo seranlles entregadas unha serie de fichas complementarias coas estruturas gramaticais e as áreas lexicais básicas, preparándoos progresivamente para expresarse de xeito eficaz. Esta unidade cero é como unha preparación previa, unha primeira aproximación á lingua que van estudar, facilitándolles a súa aprendizaxe e contribuíndo á rápida e eficaz integración no grupo.

Os alumnos, pola súa parte, deben comprometerse a realizar estes traballos. Coa axuda do profesor, os alumnos deberán, progresivamente, relizar tarefas de autoaprendizaxe, fomentando así aprendizaxes autónomas e adquisición de competencias no campo da auto-avaliación. O profesor incentivará ademais a creación dun glosario individual do alumno, nun pequeno caderno ou en soporte dixital, que permita a organización dunha rede conceptual de estruturas léxicas, estruturando a adquisición de vocabulario por parte do alumno ao longo do ano.

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Ao principio do curso, o profesor ENTREGARÁ aos alumnos os aspectos básicos da programación didáctica da materia, e lembrarlles o seu dereito a facer calquera tipo de consulta en calquera momento do curso, sobre os contidos da mesma.

Haberá unha copia da mesma no Departamento e outra na Secretaría do centro.






PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A grande heteroxeneidade de contextos no proceso de ensino-aprendizaxe, nomeadamente nos niveis de dominio da lingua por parte dos alumnos, debido sobre todo á súa orixe (alumnos de fala brasileira, galega, castelá, rumana, etc....) fai que a planificación no ámbito da xestión dos contidos e das competencias previstas para cada unha das unidades, poida non ser a máis adecuada para todos os alumnos. Ao longo do curso o profesor irá valorando a propia programación e poderá introducir novos recursos adaptados, do xeito máis adecuado posíbel, aos contextos nos que desenvolve a súa actividade docente.

Ao finalizar o curso, en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- Motivos das modificación feitas.
- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

Canto aos Indicadores de logro, a medida establecerase entre o 1 e o 5 do seguinte xeito:

-  Nunca (1)
-  Poucas veces (2)
-  A miúdo (3)
-  Case sempre (4)
-  Sempre (5)

Indicadores de logro para avaliar a práctica docente:

	TC: Totalmente conseguido	PC: parcialmente conseguido	NC: nada conseguido
Deseño a unidade didáctica tendo en conta as competencias chave que deben adquirir os alumnos.			
Teño en conta os coñecementos previos dos alumnos ao iniciar unha unidade nova.			
Axústome ao tempo programado para cada unha das unidades didácticas.			
Potencio mecanismos de autoevaluación do alumnado			
Preparo con antelación os recursos que vou a empregar na aula.			
Inclúo actividades para o alumnado con necesidades de apoio educativo e/ou dificultades específicas e concretas.			
Fomento a aprendizaxe independente nos estudantes.			
Atendo as propostas dos alumnos.			
Promovo boas relacións de traballo cos alumnos.			
A estrutura das miñas explicacións é clara, lóxica e organizada			
Utilizo exemplos para ilustrar o contido da mina exposición.			
Utilizo as TIC con frecuencia na aula como recurso motivador e innovador.			

Comunico aos alumnos todos os criterios que vou a seguir para avalialos.			
A avaliación axústase aos contidos e actividades do curso.			
Utilizo diferentes formas de avaliar a aprendizaxe (exame escrito ou oral, pregunta aberta, ensaio, traballos, etc.).			
Realizo unha avaliación inicial ao comezar o curso para estimar os coñecementos previos dos alumnos.			
O nivel de esixencia das avaliacións correspóndese co nivel impartido.			
Comento cos alumnos os resultados das avaliacións realizadas.			
Teño en conta os resultados das probas de avaliación para introducir modificacións tanto na miña planificación como na miña actuación docente.			
Coordínome co profesorado do mesmo nivel na realización de proxectos, actividades,...			
Coordínome co profesorado de outros niveis.			
Poño en práctica os acordos tomados no Departamento.			

Indicadores para avaliar a programación didáctica:

	1	2	3	4
Respectei a distribución temporal dos contidos por avaliacións.				
Apliquei a metodoloxía didáctica programada				

Tiven en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.				
Apliquei os procedementos de avaliación programados e axusteime aos criterios de cualificación.				
Apliquei medidas de atención á diversidade aos alumnos que as requiriron.				
Levei a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a o recollido na programación				
Levei a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.				
Puxen en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente				
Empreguei os materiais e recursos didácticos programados (no seu caso, libros de texto de referencia).				
Realicei as actividades complementarias e extraescolares programadas.				

Anexo programación. Ensino a distancia

1. O ensino non presencial será impartido preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado do departamento de PORTUGUÉS realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia a través da aula virtual <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/aulavirtual/> Se así o considera, a profesora poderá poñer tarefas ao alumnado para reforzar o contido da materia ou a súa avaliación continua. No curso 2020-2021 todo o profesorado e alumnado do IES O Couto dispón dun correo electrónico “corporativo” coa terminación <@iesocouto.com> que será o que se empregue de regra para a comunicación académica dentro da nosa comunidade educativa.

2. O equipo covid do IES O Couto identificará o alumnado do centro con dificultades materiais para seguir o ensino a distancia (falta de equipo informático, conexión deficiente...) para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as dificultades da educación telemática.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial (un alumno ou varios; durante un período de días ou semanas...) a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. De se dar este caso, o departamento adaptará esta programación ás medidas que a Consellería estableza buscando minimizar o impacto da suspensión das clases presenciais.

No caso de non haber aulas presenciais durante un período de tempo considerábel, poderán modificarse os contidos mínimos esixíbeis para unha avaliación positiva, ao igual que os criterios de avaliación; dado que a componente de expresión oral será máis difícil de avaliar.

ANEXO

RECURSOS E SUXESTÕES DE LEITURA

RECURSOS NA INTERNET □

Acesso a livros digitais □

- Livros digitais gratuitos em português:

<http://lerebooks.wordpress.com/ebooksgartuitos/>

- Plano nacional de leitura (PNL).

<http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/escolas/livrosrecomendados.php?idLivrosAreas=4>

- Biblioteca digital:

<http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/bibliotecadigital/index.php?idades=4>

□(Aqui, alguns livros para ler e escoitar on line).

- Biblioteca digital Camões: □Inclui muitos livros em pdf para descarregar. Tem uma secção de livro infantil.

<http://cvc.institutocamoes.pt/conhecer/bibliotecadigitalcamoes.Html>

- Domínio Público: site brasileiro com livros acessíveis online. Clicando em “literatura infantil em português”, acedemos a mais de 20 títulos em pdf.

<http://www.dominiopublico.gov.br/pesquisa/PesquisaObraForm.jsp>

- Download de vários contos do Diário de Notícias:

<http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx>

□(São contos assinados por autores contemporâneos. Só faz falta inscreverse no portal do jornal para ter acesso aos textos).

- Contos fantásticos de clássicos:

<http://riesemberg.blogspot.com.es/search/label/Charles%20Dickens>

- Textos diversos:

<http://www.recantodasletras.com.br/>

Sites e blogues sobre livros

- Casa da leitura

<http://www.casadaleitura.org/>

A Casa da Leitura, da Fundação Calouste Gulbenkian, fornece 2 vastas referências bibliográficas sobre leitura em geral e resenhas de mais de 1400 títulos de literatura infantil e juvenil. Os contactos das pessoas responsáveis constam no site, e podem ser de alguma utilidade na hora de estabelecer contactos com clubes de leitura em Portugal.

- Portal da Literatura:

<http://www.portaldaliteratura.com/>

Informação sobre livros e autores. Não é pensado especificamente para livro juvenil ou infantil, mas pode dar ideias.

- Serviço de apoio à leitura, do Ministério da Cultura

<http://sal.iplb.pt/Recursos.php>

- Um local onde ler e trabalhar com leituras:

www.catalivros.org/portal

- A praça da poesia

<http://pracadapoesia.blogspot.com/>

- Letra pequena: blogue de literatura para crianças.

<http://blogues.publico.pt/letrapequena/>

- Centro de recursos e investigação sobre literatura para a infância e juventude.

<http://www.boasleituras.com/Escritores.htm>

- Bedeteca de Lisboa: inclui assessoramento para criar uma secção de banda desenhada numa biblioteca. □

<http://www.bedeteca.com/>

- Segredo dos livros

<http://www.segredodoslivros.com>

- O bicho dos livros: sugestões para leituras infantis, juvenis, álbum ilustrado, etc.

<http://www.obichodoslivros.blogspot.com.es/>

- Site dedicado aos livros das autoras de literatura infantojuvenil Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada: □

<http://www.umaaventura.pt/>

- blogues literários:

<http://www.lendo.org/200blogs-literarios/>

Livros que já foram usados por algum clube de leitura ou em contexto de aulas com bons resultados □

- Astrid Lingren: *Emílio dentro da terrina*.

As seguintes ligações dão acesso ao texto e áudios:

<https://www.box.com/shared/ucrtvssede> (texto)

<https://www.box.com/shared/92ov9t7bub> (na voz da atriz Rita Branco)

<http://emiliodentrotaterrina.blogspot.com.es/2010/08/lancamentodoaudiobookcomruinas.html> (Na voz do autor Rui Unas) □

<https://www.box.com/shared/kt53am6eja> (Em banda desenhada)

- Ana Ma Magalhães e Isabel Alçada: *Uma aventura em Lisboa Uma aventura na escola*
- Francisco José Viegas: *Morte no Estádio*. □
- Germano Almeida: *O testamento do senhor Napumoceno*. Há filme. □
- José Mauro Vasconcelos: *Meu Pé de Laranja Lima*. □
- José Saramago: *Conto da Ilha desconhecida*. O conto está disponível na Internet. □
- Geronimo Stilton: *O mistério da ilha esmeralda*
- Helena Marques: *O Último Cais*.
- Inês Pedrosa: *A instrução dos amantes*. □
- João Aguiar: *A encomendação das almas*.

- João Aguiar: *Verba volent, scripta manent*. Incluído no livro *O prazer da leitura* de vários autores, publicado pela Fnac/ed. Teorema. 2008.□
- Jorge Amado: *O gato malhado e a andorinha sinhá*.
- Leo Lionni: *Frederico* (Álbum ilustrado).□
- Mário de Carvalho: *Casos do Beco das Sardinheiras*.□
- Mia Couto: *Estórias Abensonhadas*.□
- Mia Couto: *Jesusalém*.
- Mia Couto: *Na berma de nenhuma estrada*.□
- Miguel Torga: *Contos da Montanha*.
- □Miguel Torga: *Bichos*.
- □Pepetela, *O planalto e a estepe*.
- □Pepetela, *A montanha de água lílãs*.□
- Ondjaki: *Bom dia Camaradas*.□
- Rui Zink: *Um romance e Amanhã chegam as águas*. O primeiro□relato pode conseguir-se aqui: <http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx> O segundo está incluído na coletânea *Onde a terra acaba*, disponibilizada na Biblioteca Virtual do Instituto Camões.□
- Tim Bowley: Villán, Óscar, *Contos do mundo* (Ed. Kalandraka).□
- Sophia de Mello Breyner Andresen, *A menina do mar*.
- □Sophia de Mello Breyner Andresen, *O Cavaleiro da Dinamarca*.□
- VA.: *O Conto Brasileiro Contemporâneo*. Ed. Laiovento

SUGESTÕES DE LITERATURA INFANTO-JUVENIL

(pode dar jeito para iniciantes em português)

- Sophie Strady (texto) e Anouck Boisrobert/Louis Rigaud (ilustração): *Na floresta da preguiça*. Bruá editora.□

Tem atividades aqui:□

<http://www.bruea.pt/actividades/actvidadesfloresta.pdf>

- Ana Pessoa/Bernardo Carvalho: *O Caderno Vermelho da Rapariga Karateca*. Planeta Tangerina (Album ilustrado).
- Leo Lionni: *Frederick*. Kalandraka
- Isabel Minhós Martins/Bernardo Carvalho: *A grande invasão*. Planeta Tangerina (Livro ilustrado).
- Isabel Minhós Martins/Yara Kono: *A manta. Uma história aos quadrinhos*. Planeta Tangerina.
- Menena Cottin e Rosana Faría: *O livro negro das cores*. Bruá ed.
- Mia Couto: *O Beijo da Palavrinha*. Bertrand ed.
- Manuel Jorge Marmelo e Maria Miguel Marmelo (texto), Simona Traina (ilustração): *A menina gigante*. Campo das Letras
- Maria Teresa Maia Gonzalez: *A lua de Joana*.

Audiolivro: <http://luadejoana.podomatic.com/>

- Catarina Sobral: *Greve e Achimpa (Banda Desenhada)*.
- Mário de Carvalho: *A Inaudita Guerra da Avenida Gago Coutinho e Outras Histórias*. Caminho.
- Ondjaki: *A Bicicleta Que Tinha Bigodes*.
- Ondjaki: *Momentos de Aqui*. Ed. Caminho.
- Ondjaki: *Os da Minha Rua*. Ed. Caminho.
- Roald Dalh: *O dedo Mágico*. Ed. Terramar.
- Rui Zink: *Anibaleitor*. Ed. Teorema
- Tuiavii de Tiavea: *O Papalagui. Discursos de Tuiavii Chefe de Tribo de Tiavéa nos Mares do Sul*. Antígona ed.
- Víria Moeta, *Às voltas com um sonho*.

<http://peganolivro.wordpress.com/2013/05/21/asvoltascomumsonhoviriamoea/>

- VVAA, *Mestres do terror*. Edição galega da Édizer.

SUGESTÕES DE BANDA DESENHADA E MANGA EDUCATIVO

Ykids: *Marie Curie* Ed. Bertrand

Ykids: *Mahatma Ghandi* Ed. Bertrand

Ykids: *Einstein* Ed. Bertrand

DICIONÁRIOS ONLINE RECOMENDADOS PARA APOIAR A LEITURA EM PORTUGUÊS.

1. Dicionários Monolíngues: □

www.priberam.pt Português europeu. Excelente ferramenta com dicionários, corretores, conjugadores, etc.

www.infopédia.pt Dicionário mono e multilíngue disponibilizado pela Porto Editora

<http://www.estraviz.org/> Dicionário online da variedade galega do português.

<http://michaelis.uol.com.br/> Variedade brasileira.

<http://www.dicionariodoaurelio.com/> Variedade brasileira.

2. Dicionários bilíngues:

www.wordreference.com Inclui informação de Portugal e do Brasil. Mostra numerosas soluções

www.infopédia.pt Ao clicar em “22 dicionários) abre-se um menu com dicionários de todo o tipo. Nos bilíngues, tem menos informação do que o Wordreference, mas neste caso as equivalências correspondem ao português europeu. □

3. Vocabulário que remete à realidade material dos países lusófonos (gastronomia, fauna, flora, etc).

Para este tipo de vocabulário recomendamos a Wikipédia. No caso da fauna e da flora, o mais seguro é recorrer ao nome científico para chegar às equivalências exatas, quando as há. □

4. Linguagem informal: □

<http://www.dicionarioinformal.com.br/> Este dicionário inclui vocabulário informal que às vezes não consta nos anteriormente referidos.

A xefa de departamento



Asdo. Mª Concepción Álvarez Fernández

